

COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PARA A INSTALACIÓN DE GUINDASTRE

Solicitante				
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social		
Correo electrónico			Teléfono	
Representante				
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos		Teléfono
Medio de notificación				
<input type="checkbox"/> Por correo postal				
Rúa/....		Núm.	Escaleira	Planta
CP	Municipio	Provincia		País
<input type="checkbox"/> Por medios electrónicos				
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)				

Localización e datos da obra				
Rúa/...		Núm.	Planta	Porta
Barrio			Código postal	
Referencia catastral		Orzamento (sen IVE)		
Descrición				
Ámbito da obra <input type="checkbox"/> Plan especial 1 <input type="checkbox"/> Legalización <input type="checkbox"/> Perímetro azul <input type="checkbox"/> Camiños <input type="checkbox"/> Outros				
O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.			<input type="checkbox"/> CÓDIGO Núm.	

Documentación
<p>A achegar polo interesado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do solicitante <input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do representante, se procede <input type="checkbox"/> Acreditación da representación, se procede (marcar no Anexo 1 os documentos achegados) <input type="checkbox"/> Proxecto técnico: redactado por técnico/a competente incluirá a seguinte documentación: <ul style="list-style-type: none"> • Terá o contido mínimo previsto no Anexo II da ITC "MIE-AEM-2" aprobada polo RD 836/2003, do 27 de xuño, ou norma que o substitúa. • Declaración responsable do técnico/a redactor/a, ou certificación colexial, contendo os seus datos persoais e profesionais e acreditando que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade. <input type="checkbox"/> Copia da licenza ou de comunicación previa á que serve a instalación <input type="checkbox"/> Seguro de responsabilidade civil: <ul style="list-style-type: none"> • Xustificante ou certificación expedida por compañía aseguradora acreditativa de que a empresa autorizada pola Comunidade Autónoma como instaladora e conservadora do guindastre dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra riscos por unha contía mínima de 600.000 euros. <input type="checkbox"/> Certificado de instalador autorizado: indicativo da idoneidade técnica do guindastre e do perfecto estado de todos os elementos, materiais e mecanismo, acreditando que se atopa en perfecto estado para ser instalado. <input type="checkbox"/> Autorizacións sectoriais: autorizacións ou concesións administrativas que resulten esixibles pola normativa sectorial aplicable. <input type="checkbox"/> Documento de autoliquidación da taxa correspondente

Declaración responsable

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso:

- Que as características indicadas reflicten fielmente as instalacións que se van executar.
- Que cumpre coas condicións de seguridade esixibles consonte o Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba a nova instrución técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres-torre para obras e outras aplicacións.
- Que a instalación a realizará unha entidade instaladora que conta coa autorización da Consellería de Industria da Xunta de Galicia.
- Que a instalación dará cumprimento íntegro á normativa municipal do Concello de Santiago de Compostela.
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza.
- Que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais que lle resulten necesarias.
- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso

ASÍ MESMO,

- Que a montaxe do guindastre será realizada pola empresa instaladora autorizada (segundo a documentación presentada) baixo a dirección do/a técnico/a competente da entidade instaladora responsable da montaxe.
 - Que coidará, en todo momento, que o guindastre-torre se manteña en perfecto estado de funcionamento e seguridade e contratará, mentres a grúa permaneza instalada, o mantemento e revisións da instalación cunha empresa inscrita no rexistro de empresas conservadoras e impedirá a súa utilización cando non ofrezca as debidas garantías de seguridade para as persoas ou cousas ou cando directa ou indirectamente teña coñecemento de que esta non reúne as debidas condicións de seguridade e demais obrigas establecidas na lexislación vixente, en especial, o artigo 13 do Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o regulamento de aparellos de elevación e manutención.
 - Que o carro do que colga o gancho do guindastre non rebordará a área do soar da obra. Que no caso de que a área de funcionamento do brazo reborde o espazo acoutado polo valo das obras se tomarán as precaucións necesarias para que o carro e os materiais que del se suspendan non voen fóra da superficie acoutada polo dito valo. Ademais, terase especial coidado cos posibles contactos con liñas de condución de electricidade e non se deixarán obxectos ou materiais suspendidos cando o guindastre estea en repouso.
- Contará na obra cunha copia do impreso de comunicación e do certificado de finalización da instalación.

AUTORIZA, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actuación que se vai desenvolver.

E COMUNICA que iniciará as obras a partir do _____ (A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles) cun prazo de execución de _____

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 20_____

Sinatura do/da solicitante

Nome: _____ DNI _____

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 158, apartado 3.e) da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Así mesmo, a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.

PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para a reutilización polo Concello dos documentos achegados

NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións

Data da solicitude,

Sinatura

ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante

Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

Para a representación de persoas con discapacidade (sinale o que corresponda)

- Resolución xudicial
- Declaración de gardador de feito¹

Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación

(1) Poden presentar solicitudes en nome da persoa con discapacidade